

COMPARECENCIA DO DIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UE PARA INFORMAR DO CUMPRIMENTO DO CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL

Parlamento de Galicia, 21 de decembro de 2015

Comparecencia para dar conta das viaxes oficiais ao exterior dos cargos da Administración autonómica galega.

Relación de desprazamentos oficiais ao exterior:

Empezando cos desprazamentos que atinxen ao **Presidente da Xunta**, este só se desprazou a Italia durante o semestre que pechamos, concretamente entre os días 13 e 15 de setembro. O froito máis salientable desta viaxe foi a sinatura dun Memorando de Entendemento coa FAO.

Previamente o Presidente da Xunta aproveitou a viaxe para se achegar á Exposición Universal de Milán, celebrada baixo o lema “*Alimentar o planeta. Enerxía para a vida*”, cadrando coa celebración do *Día de Honra de Galicia* no pavillón de España.

Entrando xa nos desprazamentos ao exterior do **Vicepresidente**, hai que dar conta das viaxes do primeiro a Oporto, Nova York, Montevideo e Bos Aires. No caso de Porto estivo por mor de mellorar a coordinación transfronteiriza en materia de emerxencias e protección civil (28 & 29.VII.2015, e 20.XI.2015), na compañía do Director Xeral de Emerxencias e Interior.

No que concerne ao desprazamento a Nova York (25 a 28.IX.2015), obedeceu á celebración do LXXV aniversario da Fundación da Casa de Galicia nesa cidade, permitíndolle aproveitar para manter contactos directos con outros colectivos galegos residentes tanto nese Estado como en Nova Jersey.

Por último, o Vicepresidente estivo en Montevideo e Bos Aires (9 a 11.X.2015) co motivo principal de acompañar á nosa colonia na celebración da Hispanidade.

Pola súa banda, a **Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** estivo o 7 de novembro en Bruxelas, co gallo de recibir a *Carta Europea de Turismo Sostible* (CETS), que a Federación *Europarc* lle concedeu ao Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas. Ao día seguinte (8.XI.2015), a Conselleira participou no *Cumio de París sobre o Clima*.

O **Conselleiro de Economía, Emprego e Industria** mantivo a súa axenda exterior a prol de mellorar os índices de internacionalización da economía galega. Do 29 de xuño ao 1 de xullo estivo en Bélxica, para manter reunións con representantes do goberno de Flandes, da Comisión e do Parlamento Europeo, así como do Consello Europeo de Investigación (ERC).

O 27 e 28 de outubro, este Conselleiro estivo en Alemaña, concretamente en Gütersloh e Munich, para apoiar aos centros tecnolóxicos e clusters galegos, a fin de verificar os avances desenvolvidos por tres multinacionais xermanas de referencia cara á *Industria 4.0*, como son Miele, Siemens e BMW.

O 10 de novembro, o mesmo Conselleiro viaxou a Braga, para participar no *INL SUMMIT 2015*.

Por último, o 7 de decembro, o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria asistiu en Bruxelas á reunión do Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores (EPSCO) da Unión Europea, acompañado pola Secretaria Xeral de Emprego e polo Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

O **Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** estivo en Bonn (do 3 ao 6.VII.2015), xunto coa Directora Xeral do Patrimonio Cultural, para respaldar a Candidatura do *Camiño Santiago Norte* a Patrimonio Mundial Cultural. Tamén asistiu en Budapest (22 a 25.X.2015) ao *Festival Womex 2015*, xunto co Director da Axencia das Industrias Culturais (AGADIC), para recoller a testemuña da capital maxiar a prol de Santiago de Compostela, que será a organizadora do *Womex 2016*. Finalmente, en Bruxelas (22 a 24.XI.2015) participou no Consello de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes, de Ministros da área da Unión Europea.

O **Conselleiro de Política Social** (22 a 24.XI.2015) asistiu en Bruxelas ao Consello de Educación, Xuventude e Deporte da Unión

Europea, aproveitando ademais para se entrevistar co Director Xeral de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión da Comisión Europea, Sr. Zoltan Kazatsay, e coa Directora Xeral de Orzamentos, Sra. D^a Nadia Calviño.

Antes da transformación desta última Consellería, a **Conselleira de Traballo e Benestar** estivera en Lisboa (7-8.VII.2015) para intervir na XXIII Conferencia Europea dos Servizos Sociais, e tamén en Río de Xaneiro (12 a 14.VII.2015) onde asinou un convenio de colaboración, destinado a mellorar a atención das necesidades socio-asistenciais básicas dos cidadáns galegos alí residentes.

Xa para rematar o relatorio das viaxes institucionais dos conselleiros da Xunta, a **Conselleira do Medio Rural e do Mar** estivo durante este semestre en dúas ocasións en Bruxelas. A primeira o 22 de setembro, convidada pola DG *Mare* da Comisión Europea para intervir como relatora na Conferencia sobre “*Investimento azul - Apoio da UE ás rexións Marítimas*”, e na segunda ocasión, o 22 de novembro, para visitar ao novo Director do antedito centro directivo da Comisión Europea, a fin de exporlle de primeira man as demandas galegas en asuntos marítimos e pesqueiros. Fóra de Europa, a Conselleira desprazouse a Cabo Verde, onde estivo o 28 de outubro para apoiar ao sector pesqueiro galego no marco da Feira Expomar, e para asistir á inauguración da planta frigorífica construída coa axuda española en Mindelo e coxestionada pola empresa galega ATUNLO.

Polo que concerne a **Directores Xerais e asimilados**, o **Secretario Xeral da Emigración** se desprazou -sempre polas consabidas obrigas de atención e asistencia ás colectividades galegas no exterior- a Río de Xaneiro, Sao Paulo, Caracas e Puerto La Cruz (en Venezuela), Zürich, Nova York, Bos Aires e Montevideo acompañando nestes tres últimos destinos ao Vicepresidente da Xunta, ademais de desprazarse a diversas localidades de Cuba, e, en Suíza, a Xenebra, Berna e Lausanne.

A **Directora de Turismo de Galicia**, ademais de acompañar ao Presidente da Xunta na súa viaxe a Milán, realizou desprazamentos a Asunción (Paraguai) do 14 ao 19 de outubro, para participar como relatora no panel de Xestión das rutas turísticas nos sitios de Patrimonio Mundial, enmarcado no primeiro Seminario Internacional

sobre Rutas Turísticas Multidestino. Logo, do 2 ao 4 de novembro estivo en Londres, asistindo á feira *World Travel Market*. Por último, o 20 de novembro desprazouse a Oporto para asinar un Memorando de colaboración con Turismo do Porto e Norte de Portugal.

Pola súa banda, o **Secretario Xeral para o Deporte** tivo que desprazarse a Milán en agosto, co gallo do campionato mundial de piragüismo en augas tranquilas, para apoiar aos catorce deportistas galegos inseridos na representación española.

Pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a **Directora Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa** estivo o 16 e 17 de novembro en Bruxelas, para participar na Sétima Conferencia sobre subsidiariedade, impulsada polo Comité das Rexións na Sede do Parlamento de Flandes.

No que a min mesmo atinxe como Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, s os meus desprazamentos de xeito telegráfico:

- 18 e 19 de xuño de 2015: 4ª reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións. Vila Nova de Gaia, Portugal
- 21 a 23 de xuño de 2015: 4ª reunión da Comisión de Cidadanía e Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR). 8 e 9 de xullo de 2015: 113º Pleno do Comité das Rexións. Parlamento Europeo, Hemiciclo. Bruxelas.
- 28 e 29 de xullo de 2015: Xuntanza Galicia – Rexión Norte de Portugal e reunión do Comité asesor do ARIEM 112. Oporto, Portugal
- 2 e 3 de setembro de 2015: Reunións na Fundación Galicia-Europa preparatorias do Programa de especialización en materia de financiamento comunitario desenvolto na Fundación Galicia-Europa. Bruxelas.

- 7 e 8 de setembro de 2015: Encontro con responsables do Goberno de Malopolska, en Cracovia e participación no XXV Foro Económico de Krynica. Polonia.
- 14 de setembro de 2015: 5ª reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións. Bruxelas
- 21 de setembro de 2015: 5ª reunión da Comisión de Recursos Naturais (NAT) do Comité das Rexións. Bruxelas.
- 12 a 14 de outubro de 2015: 114º Pleno do Comité das Rexións e Open Days 2015. Bruxelas.
- 16 e 17 de novembro de 2015: 6ª reunión da Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores (CIVEX) do Comité das Rexións (CdR) e 7ª conferencia sobre a subsidiariedade: Seguimento da subsidiariedade e mellora da lexislación na Unión Europea. Bruxelas.
- 23 e 24 de novembro de 2015: Incorporación á axenda dos conselleiros de Política Social e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e 6ª reunión da Comisión de Recursos Naturais, NAT, do Comité das Rexións. Bruxelas.
- 2 a 4 de decembro de 2015: 164ª reunión da Mesa do Comité das Rexións e 115º Pleno do CdR. Bruxelas.

Ademais, do 9 a 15 de novembro, despraceime a Honduras e El Salvador, visitando os proxectos de cooperación que financia a Cooperación Galega neses países.

Pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, o **Director Xeral do IGAPE** estivo do 19 ao 23 de outubro na Habana, acompañando a unha delegación de empresarios galegos, no marco dunha Misión FOEXGA organizada pola Cámara de Santiago, e mantivo reunións con representantes do Goberno cubano na procura de novas canles de cooperación en sectores estratéxicos, como o alimentario, o enerxético ou o turístico. Tamén estivo o 25 e 26 outubro en Alemaña, concretamente nas localidades de Blomberg e Detmold, cadrando coa visita do

Conselleiro a ese país, pero centrándose no acompañamento de centros tecnolóxicos e clústers galegos para analizar os avances levados a cabo por empresas e centros tecnolóxicos alemáns de referencia cara á *Industria 4.0* (Phoenix Contact, Centrum Industrial IT Lemgo, Weidmüller Interface).

O **Director da Axencia de Innovación (GAIN)** estivo o 24 e 25 de xuño en Berlín, para dar apoio á Universidade de Santiago de Compostela no seu obxectivo de participar na rede europea *EU-OPENSREEN*. Por fortuna, agora a Universidade de Santiago de Compostela participa nesta rede, a través do *Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas*.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o **Director de AGADIC** (Axencia Galega das Industrias Culturais) estivo en Bos Aires do 30 de agosto ao 6 de setembro para participar no acto de presentación da Feira do Libro de Bos Aires 2016, con Santiago de Compostela como cidade convidada, e no Mercado das Industrias Culturais Arxentinas. Ademais, o 18 de setembro foi a Oporto co gallo do *Proxecto Nós Territorio (ES)Cénico Portugal Galicia*.

A **Directora Xeral do Patrimonio Cultural** viaxou a Santiago de Cuba do 10 ao 15 de novembro para participar nos actos conmemorativos do quinxentésimo (500) aniversario da Fundación Santiago de Cuba.

O **Secretario Xeral de Política Lingüística** foi pola súa banda a Bruxelas o 17 e 18 de novembro para asistir á reunión da *Network to Promote Linguistic Diversity*, onde se presentaría a “*The European Roadmap for Linguistic Diversity*”, na que a Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborou na súa redacción e que marcará a pauta nas políticas lingüísticas en materia de linguas minoritarias na Unión Europea. A maiores, **tanto este Secretario Xeral coma o Secretario Xeral de Cultura** só fixeron desprazamentos illados ao Norte de Portugal por asuntos correntes da cooperación coa Rexión Norte.

Asemade, o **Secretario Xeral de Universidades** trasladouse a México nos últimos días de setembro para a negociación de diversos convenios de avaliación das Titulacións das Universidades

Mexicanas e, máis adiante, participou na Feira Europosgrados 2015, celebrada en Colombia do 3 ao 9 de novembro, onde se mantiveron contactos con 800 estudantes interesados en asistir a universidades galegas.

Pola Consellería de Sanidade, a **Directora Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública** estivo en Braga o 11 de novembro para intervir na Mesa redonda no *INL's Annual Summit*, no Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía, complementándoo co seguimento da colaboración co INL en temas de nanomedicina. En concreto, no proxecto CRONN (*Clinical Research on NaNomedicine*), que ven de acadar financiación en concorrencia competitiva a través de GAIN, e na proposta *Codigo Mais*, que se presentará á convocatoria POCTEP.

Pola área de Medio Rural e do Mar, a **Secretaría Xeral Técnica** da anterior consellería estivo do 16 ao 18 de setembro en Bruxelas, para pechar a negociación do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia. A **Directora Xeral de Producción Agropecuaria** tamén estivo en Bruxelas o 28 e 29 de setembro por conta da Comisión para asistir á novena Conferencia de directores de Organismos Pagadores e Organismos de Coordinación da UE.

Na área do Mar, o seu **Secretario Xeral, actual Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica**, estivo o 13 e 14 de xullo en Bruxelas, onde participou no seminario de presentación xeral do estado dos recursos de cara á determinación dos TAC e cotas cara a 2016. Do 18 ao 21 de agosto asistiu, **xunto coa Directora do CETMAR**, a Trondheim (Noruega), co gallo do Seminario "*Spain: a growing opportunity for aquaculture investments*". Do 10 ao 14 de outubro desprazouse a Colonia para asistir á Feira ANUGA, combinando coa asistencia en Bruxelas á defensa do Ditame sobre acuicultura do Comité das Rexións (Bruxelas). Tamén estivo en Bruxelas o 16 e 17, 22 e 24 de novembro, e recentemente a pasada semana, para defender os intereses galegos nos repartos de cotas pesqueiras.

A **Directora do INTECMAR** estivo o 23 e 24 de setembro en Parma, para asistir a un Grupo de Traballo da Axencia Europea de Seguridade Alimentaria, para a elaboración dun protocolo de "*Especificacións técnicas para o estudo de niveis base de norovirus*

en ostras". Logo o 13 de outubro en Milán, co mesmo Grupo de Traballo, e do 24 ao 27 de novembro en Roma, na Reunión de expertos da FAO/WHO, para intervir como experta na elaboración da "*Guía Técnica para o desenvolvemento de programas de hixiene de moluscos bivalvos*".

O **Presidente de Portos de Galicia** visitou o Salón Náutico de Southampton entre o 10 e o 12 de setembro. Do 16 ao 19 de setembro desprazouse a La Rochelle, como extensión daquel Salón Náutico. O 10 de novembro viaxou a Lisboa, para departir cos representantes dos portos deportivos lusos.

Asemade houbo breves visitas a Viana do Castelo, o 24 de setembro, do Presidente de Portos, para se atopar cos representantes do Alto Minho e artellar proxectos conxuntos, e o 3 de setembro a Pova de Varzim do **Secretario Xeral do Medio Rural**, neste caso para tentar organizar unha central de compras cooperativa galaico-portuguesa.

Concluindo agora na órbita da Consellería de Facenda, o **Presidente do Consello Galego da Competencia** estivo en Lisboa o 22 e 23 de outubro para se entrevistar con D. Antonio Ferreira, Presidente da Autoridade Portuguesa da Competencia, e con D. Pedro Bom, Director de investigación desa entidade, co obxecto tanto de fixar liñas de colaboración entre ambos organismos.